


# DESAFÍO DO SEXISMO A TRAVÉS DE CONTEXTOS DEPORTIVOS

*Proposta de intervención para  
centros escolares*



Marina Castro García

# CONTIDO

## 1. **PRESENTACIÓN.**

## 2. **RESPONSABLE DA PROPOSTA.**

## 3. **XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA.**

- Perspectiva lexislativa.
- Perspectiva científico-social.

## 4. **A PROPOSTA DE INTERVENCIÓN.**

- Alumnado destinatario.
- Obxectivos.
- Duración e localización.
- Metodoloxía.
- Toma de datos.
- Respecto das persoas participantes.
- Recursos materiais.

## 5. **CONTACTO.**

## 6. **TESTEMUÑOS.**

## 7. **FONTES DOCUMENTAIS.**

# 1. Presentación.

As desigualdades de xénero seguen constituíndo, a día de hoxe, unha preocupación para os diferentes sectores da sociedade. No caso concreto da educación secundaria, estas desigualdades tradúcense, en moitos casos, en problemas de convivencia.

Ademais, a **adolescencia preséntase como un momento chave e crítico para intervir en prol da igualdade**, polo que é fundamental levar a cabo accións con este colectivo.

O presente programa pretende **desafiar o sexismo a través da temática deportiva** como eixo principal, dado que o deporte está moi presente nos medios de comunicación e na sociedade, pero moitas veces ven acompañado de mensaxes sexistas.

Dito programa, traballará para que o alumnado mellore as súas habilidades á hora de detectar o sexismo, e elabore estratexias para enfrontarse a el, a través dunha **metodoloxía práctica e dinámica**, empregando os principios da pedagogía feminista.

Así mesmo, tomaranse datos para poder avaliar a proposta e o seu efecto no alumnado, co fin de poder elaborar un informe ao finalizar a intervención.



## 2. Responsable da proposta.


A persoa encarga de implementar a intervención é Marina Castro García. Graduada en Ciencias da Actividade Física e do Deporte pola Universidade da Coruña (UDC), con Máster en Profesorado de ESO, Bacharelato, F.P e Ensino de idiomas (UDC).

Actualmente é profesora e investigadora predoutoral na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (UDC), formando parte do grupo de investigación "Educación, Saúde e Actividade Física: Estudos de Xénero", da mesma facultade. Pola súa traxectoria académica e profesional, conta con dilatada experiencia no trato con adolescentes e no ámbito da igualdade.



 @deportigualizate

 marina.castro@udc.es

 607 973 477

# 3. Xustificación da proposta.

A proposta xustifícase tanto desde a perspectiva lexislativa como desde unha perspectiva científico-social.

## **Perspectiva lexislativa.**

O marco presente en materia de igualdade introduce diferentes orientacións no contexto educativo, o programa que aquí se presenta parte das indicacións legais que existen tanto a nivel nacional como internacional.

En primeiro lugar, atopamos a *"Ley para la Igualdad efectiva de hombres y mujeres"*, aprobada en marzo de 2007, e que inclúe criterios orientadores das políticas públicas en diversas materias, entre elas a de educación, na que se fai unha mención expresa á coeducación. Así, no capítulo II do Título II establécense como fins do sistema educativo **"a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade"** (p. 12616) e no marco do principio de calidade, **"a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros"** (p. 12616). Ademais, ínstase ás administracións educativas a garantir o dereito á educación en condicións de igualdade, así como a incorporación do principio de igualdade de oportunidades en todo o currículo e en todas as etapas educativas.

En segundo lugar, atopamos y a Ley Orgánica 1/2004 de *Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género* (capítulo I, artigos 4-8). Onde se introduce a obligación dos centros de **"asegurar que os Consellos Escolares impulsan medidas que fomentan a igualdade real entre homes e mulleres"** (p.34).

En terceiro lugar, é importante resaltar medidas recentes, dado que en abril de 2019, houbo un pacto de Estado contra a violencia de Xénero. Nel sinálase que “a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres (...) impide a efectiva realización da igualdade entre mulleres e homes” (p. 40344), constituíndo unha vulneración dos dereitos humanos. Dito pacto establece unha serie de medidas e introduce no apartado 1.1 as medidas orientadas á educación, que son un total de 56, entre as que se inclúe a necesidade de promover nos centros educativos **talleres e actividades** para a prevención da(s) violencia(s), instándose a realizar campañas de prevención e sensibilización, a elaborar materiais informativos, a fomentar o xogo igualitario, por citar algunhas, que permitan frear as condutas machistas.

Finalmente, cumpre destacar que o presente programa tamén pretende garantir o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da nova axenda 2030. Deste xeito, ten unha implicación directa co ODS 4, **educación de calidade** (fomentando unha mellor educación para o estudantado); o ODS 5, **igualdade de xénero** (desenvolvendo unha intervención específica de prevención do sexismo); e o ODS 17, **alianzas para acadar os obxectivos** (promovendo unha rede entre a Universidade, o Concello e os centros educativos).



## **Perspectiva científico-social.**

A **violencia de xénero é a máxima consecuencia dun sistema baseado no sexismo** e na desigualdade entre mulleres e homes. A escola, pode contribuír á transformación de relacións de poder entre o alumnado realizando os cambios necesarios para asegurar unha socialización igualitaria que respecte a diversidade de identidades existentes, e permita o desenvolvemento persoal tanto das alumnas como dos alumnos.

A cultura de xénero define os roles percibidos, as expectativas, as responsabilidades e as oportunidades tanto para as mozas como para os mozos (World Health Organization, 2010). Esta cultura de xénero, materialízase nos **estereotipos de xénero**, os cales representan os pensamentos sobre os tratamentos físicos e as características psicosociais para ambos os sexos, influenciando as percepcións sobre a masculinidade e a feminidade (Brannon, 2017). Ademais, os estereotipos caracterízanse pola súa bipolaridade, o seu carácter vinculante (Moreno Murcia, Sicilia Camacho, Martínez Galindo, & Alonso Villodre, 2008) e a súa xerarquización (Connell, 2008; Tischler & McCaughtry, 2014), constituíndo en si mesmos unha **representación de violencia simbólica** (Metcalf, 2018).

Os estereotipos vanse asimilando a través do proceso de socialización, onde xogan un **papel fundamental a familia e a escola**. A través da asimilación de determinados modelos ou referentes simbólicos sobre que é ser muller e que é ser home, interiorízanse ideas preconcebidas ou representacións que condicionan a vida persoal e social das persoas (Alvariñas-Villaverde & Pazos-González, 2018; Monforte & Úbeda-Colomer, 2019); ademais, vanse naturalizando, feito que provoca que se asuman certos conceptos como verdades absolutas e, por conseguinte, que sexa de maior dificultade o seu cuestionamento e deconstrución (Campbell, Gray, Kelly, & MacIsaac, 2018; Gerdin, 2017).

Sen ir máis lonxe, a “*Encuesta sobre los hábitos deportivos de la población escolar en España*” realizado polo Concejo Superior de Deportes (2017), detecta a permanencia de estereotipos de xénero asociados ao deporte, e é que se segue asociando a **competitividade**, o **liderado**, a **resistencia** e a **forza aos homes**, mentres que as **mulleres identifícanse** coa **dozura**, a **empatía**, a **expresión** e a **colaboración**; feito que ademais se reflicte na diferenciación de tipo de práctica físico deportiva en mozos e mozas.

Ademais, o último Barómetro de Xuventude e Xénero (publicado en 2019 polo “*Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud*” en colaboración co Goberno de España), sinala que aínda **persisten imaxes tradicionais sobre a feminidade e a masculinidade**; que **7 de cada 10 xoves sentíronse discriminados nalgún momento da súa vida polo seu aspecto físico ou xénero**; e que, a pesar de que cada vez hai máis mozas conscientes e comprometidas co cambio cara a unha sociedade máis igualitaria e equitativa, aínda **persiste un gran colectivo masculino con actitudes de reticencia**.

Na mesma liña, o noso grupo de investigación, recentemente investigou as crenzas e estereotipos de xénero na actividade física e no deporte, do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria da provincia da Coruña. Entre as conclusións finais destacan a **falta de rotundidade fronte a determinadas afirmacións sexistas**; a **persistencia de ideas ou actitudes sexistas** preconcebidas; e o **maior rexeitamento de estereotipos de xénero por parte das rapazas** que dos rapaces.

A desigualdade e **a(s) violencia(s) de xénero** non son sempre físicas, directas ou recoñecibles, senón que **tamén son sutís, mediadas e invisibles** (Han, 2016), e estes resultados sobre as ideas e actitudes do alumnado adolescente, así o demostra. Por iso, a cuestión do xénero segue a ocupar un lugar de preocupación cultural educativa (Piedra, García-Pérez, & Latorre, 2013), e é que **é necesario educar a capacidade de**



**percibir a desigualdade e as prácticas discriminatorias** e de violencia de xénero que operan de forma oculta no contexto educativo e, en concreto, no físico-deportivo (Beltrán-Carillo & Devís-Devís, 2019; Monforte & Úbeda-Colomer, 2019).

O **contexto deportivo** ofrece unha contorna única para examinar a socialización de xénero (Hannon, Soohoo, Reel, & Ratliffe, 2009), posto que é considerado un microcosmos onde se reflexan todos os valores hexemónicos da sociedade.

Porén, tamén é percibido como un **lugar primordial para enfrontarse á ideoloxía de xénero**

(Collison, Darnell, Giulianotti, & Howe, 2017), así como para desenvolver estratexias en prol da igualdade.



Con todo, a investigación sinala que o número de programas que interveñen sobre a problemática das relacións de xénero neste contexto é escaso (Sánchez Hernández, Martos García, Soler, & Flintoff, 2018); ademais, existe unha carencia de programas enfocados ás masculinidades do alumnado, feito que contrasta coa importancia que a evidencia científica outórgalle a este aspecto (Jewkes et al., 2015; Kågesten et al., 2016; Kama, 2014; Tischler & McCaughtry, 2014; Watson, 2018).

Por todo isto, xustifícase a **necesidade de desenvolver un programa de prevención de actitudes sexistas do colectivo adolescente a través da contorna físico-deportiva**, ofrecendo unha intervención novedosa, actual, e deseñada de acordo á evidencia científica.

## 4. A proposta de intervención.

A continuación, pasarase a describir con detalle todos os elementos fundamentais do programa.

### **Persoas destinatarias.**

Segundo as investigacións recentes, a adolescencia móstrase como un período crítico para o traballo en prol da igualdade. Por iso, o programa está pensado para mozos e mozas, en idades comprendidas entre os **12 e 18 anos**. É dicir, entre 1º da ESO e 2º de Bacharelato.

En función do grupo destinatario, modificaranse algunhas actividades empregadas, así como a metodoloxía, coa finalidade de adaptarse ás características e intereses propios de cada grupo de idade.

### **Obxectivos.**

O programa ten como finalidade que o alumnado mellore as súas habilidades á hora de detectar o sexismo, poida elaborar estratexias para enfrontarse a el, e sexa capaz de cuestionarse aspectos relacionados coa masculinidade e a feminidade enfocándonos na temática deportiva. Para iso, plantéxanse os seguintes obxectivos específicos (OE):

**OE 1:** Identificar as desigualdades asociadas aos estereotipos sociais e á problemática que conlevan para acadar unha igualdade efectiva.

**OE 2:** Tomar conciencia de como a socialización que recibimos como homes e mulleres ven condicionada polos estereotipos xénero e como estes inflúen na construción da masculinidade e feminidade.

**OE 3:** Identificar situacións e reflexionar sobre o poder dos axentes de socialización (escola, familia, sistema deportivo e medios de comunicación) na construción social do xénero.

**OE 4:** Analizar o papel do deporte na creación e mantemento de estereotipos sobre o corpo e situacións sexistas na nosa sociedade.

**OE 5:** Desenvolver actitudes e habilidades para detectar o sexismo e as violencias de xénero normalizadas para poder afrontalas de forma positiva.

**OE 6:** Sentirse axente de cambio, propoñendo iniciativas que permitan sensibilizar ao resto da comunidade educativa sobre as desigualdades de xénero e fomentar unha convivencia libre de violencias machistas.

### **Duración e localización.**

Esta proposta deseñouse para ter unha duración de **6 sesións** de 50 minutos (duración das clases en horario lectivo) dentro da aula, **complementadas cun caderno de traballo individual** que o alumnado empregará fóra da aula.

Ademais, está pensada para ser desenrolada dentro da materia de **Valores Éticos**.

Segundo o establecido no Decreto polo que se establece o currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato, dita materia debe centrarse, por unha banda, en dotar ao alumnado de instrumentos de racionalidade e obxectividade precisos para que os seus xuízos valorativos teñan rigor, coherencia e fundamento racional. Isto está directamente relacionado co traballo de estereotipos que propón este programa.

Por outra banda, o Decreto sinala que esta materia ten que favorecer a construción dunha sociedade libre, igualitaria e xusta, cunha cidadanía consciente e respectuosa que defende a igualdade; para iso, é preciso darlle ao alumnado as oportunidades precisas para poderse decatarse das inxustizas derivadas do sistema de xénero, e teña ferramentas para enfrontarse a elas.

Con todo, tamén se podería levar a cabo no horario de **Acción Titorial**, ou incluso **de forma integrada** con outras materias como **Educación Física** (debido á súa relación coa temática a tratar).

## **Metodoloxía.**

A nivel de metodoloxía, o programa está baseado nos principios da **pedagogía feminista** (Crabtree et al. 2009; hooks, 1994):

- Recoñecer a existencia do sexismo e o heterosexismo na sociedade.
- Ter por obxectivo a transformación e acción social.
- Incorporar a interseccionalidade.
- Fomentar a análise crítica da contorna.
- Aplicar a ética do coidado e establecer relacións non xerárquicas.
- Estruturar a clase de forma participativa e dinámica.
- Fomentar a aprendizaxe conceptual, pero tamén a persoal.

Desta forma, as actividades fundaméntanse en **estilos de ensinanza-aprendizaxe abertos**, favorecendo sempre o rol do alumnado como protagonistas do proceso. Asemade, cumpre destacar que, coa finalidade de conectar coa diversidade do estudantado, as actividades son de diferente natureza: discursivas, analíticas, reflexivas e motrices; e pensadas para diferentes distribucións: individuais, pequeno grupo e grupo grande (a totalidade da clase).

Cada unha das actividades, ten unha finalidade concreta dentro de catro grandes bloques temáticos:

- A problemática das desigualdades.
- A construción social do xénero.
- A construción social do xénero no deporte.
- O alumnado como axente do cambio.

### **Toma de datos.**

Co obxectivo de afondar no impacto do programa nas persoas participantes así como avaliar a intervención, recorrerase a **reflexións escritas** do alumnado e un **cuestionario** antes e despois da intervención; así como ao **diario da investigadora** e ao **caderno de traballo individual**, que serán empregados durante todo o proceso.

Asemade, ao finalizar a intervención, pedirase ao alumnado que avalíe, dende a súa vivencia, a experiencia. Todos os datos serán **anonimizados** e unicamente pedirase o sexo e idade da persoa en cuestión. De cara a recoller estes datos, seguirase o **protocolo establecido polo centro**. En función dos resultados da experiencia, poderíase solicitar a posibilidade de realizar algunha entrevista individual e en profundidade co alumnado.

Os datos serán sempre custodiados polo grupo de investigación e utilizaranse só con fins estritamente académicos (análise de datos), ou para elaborar algún tipo de **informe para o centro escolar ou o Concello**, en caso de así solícialo.

## **Respecto das persoas participantes.**

Durante a intervención e a recollida de datos, vaise garantir o respecto das persoas participantes, usando unha linguaxe inclusiva, desenvolvendo un trato digno e axeitado para todas as persoas integrantes do proxecto, respectando as diferentes opinións e ideas, procurando un diálogo real e multidireccional, fomentando as relacións de equidade e igualdade, e ofrecendo unha contorna e clima positivo e de confianza.

Todas as accións desenvolveranse no eido do instituto, polo que, en caso de ocorrer algún acontecemento adverso durante a realización das sesións, cumprirase co protocolo de acción estipulado no centro. Se se producise algún tipo de malestar coa responsable de *Deportigualízate*, o alumnado pode dirixirse á súa profesora ou profesor, que estará presente en todas as sesións, así como a calquera persoa do grupo directivo do centro.

## **Recursos materiais.**

Para a correcta consecución da intervención, so é preciso ter a disposición un espazo cómodo (aula, cafetería, etc.). En caso de ser posible, tamén sería interesante poder dispoñer dun ordenador e un proxector. O resto de materiais necesarios (cartolinas, cores, etc.) serán facilitados pola persoa encargada da intervención.

## 5. Contacto.

En caso de ter calquera consulta ou precisar aclaracións, así como para pedir os resultados finais do estudo, pode localizar á persoa responsable, Marina Castro García:

- No seu despacho, situado na Facultade de Ciencias do Deporte a Educación Física, (Avd. Che Guevara 121. Bastiagueiro, Oleiros).
- No teléfono 981 167000 ext. 4017.
- No correo electrónico: [marina.castro@udc.es](mailto:marina.castro@udc.es)



## 6. Testemuños.

Este programa xa foi levado a cabo en institutos, e estas son algunhas das valoracións:

Me ha gustado mucho este taller, sobre todo por que no han sido charlas feministas que al final pocas escuchamos. Estas clases han sido muy productivas, gracias a las actividades interactivas.

- O que mais disfrutei foi as practicas, creo que poñendo en practica as cousas, entran mellor no noso consciencia.
- tamén os carteis foron unha boa iniciativa, para concenciar ao resto do centro con isto.
- Un bó clima na aula, grazas a profesora coa súa forma de ser.

-Te abre los ojos respecto a la igualdad.  
-Es bastante útil para pensar sobre este tema.  
Te hace reflexionar sobre esto.  
Me gustaron las actividades que se hicieron en la cafetería.

Marina hizo las clases de forma divertida interactuando con nosotras y nosotras/a con ella.

Me gustó que las clases fuesen más prácticas que de dar la chapa sin poder hablar y opinar sobre el tema que se trata.



## 7. Fontes documentais.

Alvariñas-Villaverde, M., & Pazos-González, M. (2018). Estereotipos de género en Educación Física , una revisión centrada en el alumnado. REDIE: Revista Electrónica de Investigación Educativa, 20(4), 154–163.

Beltrán-Carillo, V. J., & Devís-Devís, J. (2019). El pensamiento del alumnado inactivo sobre sus experiencias negativas en educación física: los discursos del rendimiento, salutismo y masculinidad hegemónica. RICYDE: Revista Internacional de Ciencias Del Deporte, XV(55), 20–34. <https://doi.org/10.5232/ricyde>

Brannon, L. (2017). Gender: Psychological Perspectives (7th Editio). <https://doi.org/10.1017/CBO9781107415324.004>

Campbell, D., Gray, S., Kelly, J., & Maclsaac, S. (2018). Inclusive and exclusive masculinities in physical education: a Scottish case study. Sport, Education and Society, 23(3), 216–228. <https://doi.org/10.1080/13573322.2016.1167680>

Collison, H., Darnell, S., Giulianotti, R., & Howe, P. D. (2017). The Inclusion Conundrum: A Critical Account of Youth and Gender Issues Within and Beyond Sport for Development and Peace Interventions. Social Inclusion, 5(2), 223. <https://doi.org/10.17645/si.v5i2.888>

Connell, R. (2008). Masculinity construction and sports in boys' education: A framework for thinking about the issue. Sport, Education and Society, 13(2), 131–145. <https://doi.org/10.1080/13573320801957053>

Crabtree, R., Sapp, D., & Licona, A. (2009). Introduction: The passion and the praxis of feminist pedagogy. In R. Crabtree, D. Sapp, & A. Licona (Eds.), *Feminist Pedagogy: Looking Back to Move Forward* (pp. 1–26). The Johns Hopkins University Press.

Gerdin, G. (2017). 'It's not like you are less of a man just because you don't play rugby'—boys' problematisation of gender during secondary school physical education lessons in New Zealand.' Sport, Education and Society, 22(8), 890–904. <https://doi.org/10.1080/13573322.2015.1112781>

Hannon, J., Soohoo, S., Reel, J., & Ratliffe, T. (2009). Gender Stereotyping and the Influence of Race in Sport Among Adolescents. Research Quarterly for Exercise and Sport, 80(3), 676–684. <https://doi.org/10.1080/02701367.2009.10599608>



Hooks, B. (1994). *Teaching to transgress: Education as the practice of freedom*. Routledge.

Jewkes, R., Morrell, R., Hearn, J., Lundqvist, E., Blackbeard, D., Lindegger, G., ... Gottzén, L. (2015). Hegemonic masculinity: combining theory and practice in gender interventions. *Culture, Health & Sexuality*, 17(2), 112–127. <https://doi.org/10.1080/13691058.2015.1085094>

Kågesten, A., Gibbs, S., Blum, R. W., Moreau, C., Chandra-Mouli, V., Herbert, A., & Amin, A. (2016). Understanding Factors that Shape Gender Attitudes in Early Adolescence Globally: A Mixed-Methods Systematic Review. *PLoS ONE*, 11(6). <https://doi.org/10.1371/journal.pone.0157805>

Kama, A. (2014). Effeminophobia and PEphobia-Boys' Masculinities in Physical Education: A Review of Boys' Bodies: Speaking the Unspoken. *Journal of LGBT Youth*, 11(1), 90–94. <https://doi.org/10.1080/19361653.2014.841527>

Metcalfe, S. (2018). Adolescent constructions of gendered identities: the role of sport and (physical) education. *Sport, Education and Society*, 23(7), 681–693. <https://doi.org/10.1080/13573322.2018.1493574>

Millán Pérez, J., & Pérez Coello, A. (2012). Estudio de revisión sobre estereotipos de género, adolescencia y la práctico físico-deportiva: un análisis bibliográfico y bibliométrico. I e II Ciclo de Conferencias: Xénero, Actividade Física e Deporte., 125–148. Retrieved from <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/9079>

Monforte, J., & Úbeda-Colomer, J. (2019). ' Como una chica ': un estudio provocativo sobre estereotipos de género en educación física. *Retos*, (36), 74–79.

Moreno Murcia, J. A., Sicilia Camacho, Á., Martínez Galindo, C., & Alonso Villodre, N. (2008). Coeducación y climas de aprendizaje en educación física. Aportaciones desde la teoría de Metas de Logro. *RICYDE: Revista Internacional de Ciencias Del Deporte*, 4, 42–64. <https://doi.org/10.5232/ricyde2008.01104>

Piedra, J., García-Pérez, R., & Latorre, Á. (2013). Género y educación física. Análisis de buenas prácticas. *Profesorado*, 17(1). Retrieved from <http://www.ugr.es/local/recfpro/rev171ART13.pdf>




Sánchez Hernández, N., Martos García, D., Soler, S., & Flintoff, A. (2018). Challenging gender relations in PE through cooperative learning and critical reflection. *Sport, Education and Society*, 23(8), 812–823. <https://doi.org/10.1080/13573322.2018.1487836>

Tischler, A., & McCaughtry, N. (2014). Shifting and Narrowing Masculinity Hierarchies in Physical Education: Status Matters. *Journal of Teaching in Physical Education*, 33(3), 342–362. <https://doi.org/10.1123/jtpe.2012-0115>

Vera, J. G., Arrebola, I. A., & García, N. A. (2018). Género y relación con la práctica de la actividad física y el deporte. *Apunts. Educacion Fisica y Deportes*, (132), 123–141. [https://doi.org/10.5672/apunts.2014-0983.es.\(2018/2\).132.09](https://doi.org/10.5672/apunts.2014-0983.es.(2018/2).132.09)

Watson, B. (2018). Young people doing dance doing gender: relational analysis and thinking intersectionally. *Sport, Education and Society*, 23(7), 652–663. <https://doi.org/10.1080/13573322.2018.1493988>

World Health Organization. (2010). Global Recommendation on Physical Activity for Health. Retrieved from <https://www.who.int/dietphysicalactivity/global-PA-recs-2010.pdf>



deportIGUALÍZATE